




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Vigo. Municipio: Redondela. Parroquias: San Pedro de Cesantes. Extensión: 1,34 km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Costa baixa sedimentaria caracterizada pola presenza dun amplo complexo areoso formado polas praias de Cesantes ao sur e de Cabo ao norte que se unen na Punta do Cabo fronte á illa de San Simón. En realidade trátase dunha frecha progradante apoiada ao abeiro da illa de San Simón. O cordón dunar alcanza pouco desenvolvemento continental nos arcos areosos pero non así no punto de ancoraxe das dúas praias. A prolongación interior da unidade esténdese por unha chaira costeira que na metade norte dá paso a unha vertente de pendente suave ata o Outeiro das Penas, elevación de pouco máis de 160 m sobre o nivel do mar. Inclúe o EIX Frecha progradante de Cesantes.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A unidade atópase comprendida dentro do dominio dos xistos, lousas e paragneises do Complexo de Cabo Home - A Lanzada, que ocupan practicamente toda a superficie, agás os extremos norte e sur, así como a Illa de San Simón e a Illa Corveiro, cuxa litoloxía se asocia aos granitos de feldespatos alcalinos. O máis destacado dentro dos depósitos cuaternarios son as áreas de praia que ocupa toda a franxa costeira, e unha frecha litoral que se prolonga pola Punta do Cabo.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Complexo sedimentario incluído na súa totalidade dentro do dominio climático Cálido e Húmido caracterizado por temperaturas medias anuais por enriba de 15° C, de 1200 mm a 1400 mm de precipitación anual acumulada e amplitude térmica media entre 12,5° C e 13,5° C.

OS SOLOS

Importante presenza dos solos asociados aos depósitos areosos sedimentarios de orixe cuaternaria en toda a franxa costeira da unidade, principalmente arenosos albos e háplicos que alcanzan maior extensión na Punta do Cabo fronte á Illa de San Simón. A parte continental da unidade ten un relevo aplanado que favorece a edafoxénese, o que se traduce nun predominio dos cambisoles, solos profundos, fértiles e que experimentan procesos de gleificación en situacións de drenaxe impedida. Non obstante, o incremento da presión urbanística, sobre todo relacionada co fenómeno turístico, modificou a paisaxe orixinal e transformou os solos facendo que os antrosos estean a gañar terreo progresivamente.

AS AUGAS

As elevacións montañosas do nordeste da unidade, e a escasa diferenza de desnivel da súa chaira costeira, non permiten a organización dunha rede hidrográfica complexa, limitada a suaves valgadas formadas por arrosos de pequeno caudal que verten directamente ao mar. Situada nas Augas de Transición da Enseada de San Simón, a unidade presenta unha franxa costeira influida por dúas masas diferentes: ao norte a 20472, e ao sur da praia de Cabo, a 20471.

O PATRIMONIO NATURAL

Unidade sedimentaria fundamentada na frecha de Cesantes, apoiada na illa de San Simón. Así pois, importan os hábitats 1110 e 1140, bancos areosos e/ou lamacentos intermareais e submareais superficiais, ademais do grupo 21, dunas marítimas atlánticas, aínda que só se presentan dunas incipientes e extremadamente degradadas na súa composición vexetal e perfil. Forte presión antrópica, demográfica, construtiva, turística e agraria deixan mínimo espazo a valores de interese ecolóxico. Só se poden contar mínimas agrupacións de escasos exemplares de frondosas na liña de costa e entre cultivos ou laterais de viarios.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Esta unidade está dominada visualmente polo espazo cultivado, propiciado polo potencial agrícola destes solos. Entre os campos de cultivo localízanse os asentamentos, cunha alta densidade de edificacións. Estes dous usos condicionan que novos aproveitamentos se vexan desprazados ás marxes, no contorno de Outeiro das Penas onde se instalan monocultivos forestais ou matogueira de substitución. Na franxa inmediata ao areal de Cesantes, convive un intenso uso turístico co tradicional marisqueo, realizado a pé e a flote. Mención singular merece a Illa de San Simón, acondicionada para usos terciarios e que constitúe un dos valores naturais e culturais deste espazo.

MORFOLOXÍA

O intenso aproveitamento agrícola e a elevada presión demográfica condicionaron a morfoloxía do parcelario que se caracteriza polo seu pequeno tamaño e por presentar límites artificiais entre cada unha das propiedades. Configúrase polo tanto unha paisaxe agraria pechada. Pola súa banda, as edificacións, organizanse ao redor das vías, establecéndose dous espazos claramente diferenciados; o interior presenta unha forma lineal, especialmente visible ao paso da N-550, formando unha sobrecargada trama urbana delimitada polo paso da liña de FFCC A Coruña-Vigo, e no bordo litoral, un continuo de vivendas asociadas aos usos turísticos residenciais distribúense paralelamente á marxe sur da ría.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A estrada N-550 (Tui-A Coruña) é o principal elemento vertebrador de todo este espazo costeiro, tanto para o tránsito de persoas como para o de mercadorías, xunto coa liña de ferrocarril que une Vigo coa Coruña e que atravesa a unidade de norte a sueste. Entre ambas as dúas infraestruturas débuxase unha densa trama de estradas de ámbito local que permiten o desprazamento por toda a unidade á par que se facilita o acceso a todas as vivendas e parcelas cultivadas.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Dentro da unidade destaca a presenza da igrexa parroquial de San Pedro de Cesantes de moi bela factura ao que debemos sumar a Illa de San Simón que pola súa tradición e historia se converte no símbolo de todo este sector de costa e goza da declaración de Ben de Interese Cultural. Nela aparecen numerosos restos de antigos usos (prisión, lazareto e mesmo un hospicio para orfos marifeiros) e na que se levou a cabo un proxecto de rehabilitación e posta en valor das súas edificacións e espazo natural para usos terciarios, que a converteu nun dos máis importantes elementos patrimoniais.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Todo o espazo da unidade se organiza ao redor de tres elementos fundamentais: por un lado a praia que concentra os usos turísticos e residenciais de primeira orde, por outro lado a estrada N-550 que actúa como elemento vertebrador da paisaxe concentrando nas súas marxes multitude de edificacións e xerando, polo tanto, tensións de carácter lineal. Por último o paso da liña de ferrocarril A Coruña-Vigo condiciona a distribución e extensión dos usos ao comportarse como unha barreira artificial. En conclusión, atopámonos ante unha paisaxe que combina un aproveitamento tradicional do solo cun intenso uso turístico froito do cal se configura unha paisaxe moi dinámica e cambiante de grande atractivo para o visitante.

DINÁMICA DA PAISAXE

O cambio máis significativo que aconteceu na unidade é o incremento do número de edificacións asociadas ao desenvolvemento turístico que viviu a zona nos últimos anos. Este desenvolvemento urbano foi posible polo abandono das prácticas agrícolas tradicionais e a transformación das terras de labor en superficie residencial. Outro cambio substancial é o que atinxe á illa de San Simón que a mediados do século pasado funcionaba como Fogar Méndez Nuñez de orfos Mariñeiros e que na actualidade é un espazo protexido de grande interese paisaxístico. O areal, pola súa parte mantén a mesma estrutura que antano a pesar do incremento na presión urbanística que sofre toda a franxa litoral.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Estamos ante un dos espazos máis representativos de toda a ría viguesa. A magnífica barra de area que, con marea baixa, comunica Cesantes con San Simón é, sen dúbida, un dos fitos paisaxísticos representativos das Rías Baixas e de especial valor ambiental recoñecido pola súa incorporación a Rede Natura ou a declaración de BIC da illa. Punta do Cabo, na praia de Cesantes e o Muelle do Rastrillo na illa de San Simón son dous dos puntos de observación máis destacables por abranguer panorámicas da Ría de Vigo, dende Moaña ata a Ponte de Rande.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCÍONS





A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Crecementos dispersos no núcleo de Cesantes e en primeira liña da praia do mesmo nome, co obxectivo de ordenar os usos do solo e evitar a implantación de vivendas unifamiliares dispersas na fronte costeira, sen funcións definidas e sen identidade poboacional que xeren un continuo que impida a contemplación do horizonte, tanto no que se refire ás súas características ambientais como ás relativas á harmonía e calidade da paisaxe.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



